

nº 17
2014

GUIEIRROS


Xoán Corral



YOÁN CORRAL: O DRUÍDA DE BAAMONDE DO SÉCULO XX

Entre os curiosos apelativos que lle teñen dedicado os amigos que Xoán se gañou en vida, gústame o de druída. Si, señor, diría A.Fole. Penso que lle acae moi ben. A súa vida terreal, vivida coa sinxeleza e simpleza dun neno, tivo semellanza coa dun mestre ou dun crego rural, dun curandeiro, dun mago...ou mesmo dun meigo. Algo de todo! Un home, ademais, enraizado e apegado á súa terra e aos seus. Á súa familia e ós seus veciños da gran tribo da Terra Chá. Amante e defensor dos seus ritos, tradicións e costumes. Ao xeito dos druídas celtas, nosos antepasados.

Cómo corre o tempo, meu Deus! . Mellor con que rapidez pasamos nós! Van alá cincuenta anos desde que o vin por primeira vez. Non mo presentou ninguén. Foi el mesmo o que se presentou, como se nos coñeceramos de toda a vida, á porta do Restaurante Galicia de Baamonde. Despois chegarían outros encontros. En actos culturais e culinarios, comidas e/ou ceas, case sempre con compañeiros de Radio Popular, de Auxilia e Fuxan os Ventos, con grupos de xoves de Colexios de Lugo e da Montaña aproveitando a visita ao Museo do seu irmán Víctor que, por certo, regalou a Auxilia/Lugo unha fermosa talla que aínda se conserva no seu local social. Lembro a súa engaiolante figura, de mediana estatura (tirando a cativo coma min e o resto dos seus irmáns) cunha faciana sempre leda, mans abertas para acoller a todos e unha orixinal, longa e desaliñada barba branca, con certa semellanza cos profetas do Antigo Testamento que reproducían os libros piadosos do pasado século. Personaxe de película. A chegada ó restaurante era un espectáculo. Teatro en directo, con decorado incluído! Mobles, cadros, mesas, vaixelas, cousas antigas, a lareira coa súa cremalleira (da que pendía a famosa "pota madre" das queimadas) ...Xoán dando vida ao ambiente! Unha verdadeira obra plástica! Debaixo desa imaxe que invitaba á confianza asomaba un home sincero, sen dobreces, cheo de bondade e sabedoría popular, ben afincado nas entrañas da súa/nosa terra, espallando, a cotío, serenidade, paz e felicidade, xunto con toneladas de humor e moito senso común. A súa ledicia era contaxiosa e irradiaba moita paz.



Ese xeito especial de ver, de vivir e de compartir a súa vida e vivencias (coido que non sabería vivir só) foi dándolle unha especie de carácter místico que xunguido á súa bondade natural e ó seu amor á tradición e á súa Terra, fórono transformando ate chegar a exercer, ao seu xeito, difícil de igualar, dun verdadeiro druída, medio mestre/crego, mago/meigo. A semellanza dos druídas que souberon encher Galiza de imaxes e símbolos e sobre todo de moita dozura, humanidade e mesmo senso común que tanta falla nos fai tamén hoxe en día.

O bo amigo Xoán, labrego, emigrante, traballador e restaurador como profesión, soubo mellorar e engrandecer a súa vida profesional coas diversas facianas de poeta, artista e druída, por vocación. Encheu a súa vida (e a dos demais) de alegría, ilusión e optimismo, sementando paz, alegría e felicidade na súa entorna. O seu legado en poesía ("De todo corazón") que el compuxo e recitaba, sen ter que forzalo moito, ao xeito peculiar e especial, son testemuñas do que perante moitos anos foi quen de compartír cos seus fieis comensais as longas xornadas vividas no seu restaurante/museo á beira da N VI, en Baamonde.

Alguén, que coñeceu máis a fondo ca min, a el a toda a súa familia, resumía deste xeito a Xoán: "Persoa de gran carisma, bohemio, soñador, autodidacta, emprendedor, alegre, optimista, un bromista nato..., pero sobre todo a que maior fascinación me provoca é o seu humanismo, avalado por unha enorme xenerosidade". Concordo plenamente.

Como o Reino dos ceos, a nova dimensión que vives agora, a patria definitiva e eterna que o noso/seu Deus che prometeu e xa che regalou, pertence aos bos e xenerosos, aos que foron humildes e sinxelos coma os nenos (ti fuches un deles) e estás a gozar da mesma plenitude do mesmo Deus... pídoche nos mandes para acó un chisco do teu humor, da túa gañada sabedoría e paz e tamén algunhas toneladas de alegría e de esperanza que boa falla nos fan neste noso triste, egoísta e desnortado mundo que estamos a soster coas nosas tolemias e barbaridades. Ata pronto, meu amigo.

Xesús Mato, desde Portomarín, no Camiño Francés.

Galicia secreta

Restaurante 'Galicia', en Baamonde

Bieito Rubido

La personalidad del propietario del restaurante o del bar suele ser en ocasiones un atractivo más para visitar determinado lugar. Eso le ocurre al *Galicia* de Baamonde, cuya singularidad comienza ya en el propio Juan Corral Castro, barbudo propietario que desde hace 20 años regenta un comedor como pocos encontrará en toda España.

Si genuino es el propietario, diferente también es el comedor, cargado de antigüedades, cuadros, alacenas, soperas viejas, bancos de madera; en definitiva, toda una colección particular que va desde una llave vieja hasta un mueble bueno. Juan Corral no vende sus antigüedades, aunque hubo algún cliente que se encaprichó con alguna pieza y consiguió llevársela.

En el *Galicia* puede quedarse a comer por lo poco habitual del local y por la personalidad de su propietario. Si además quiere comer, puede pedir los mejillones o

almejas con salsa de la casa, tal vez el plato más logrado de su cocina, o bien si están en temporada, como ocurre ahora mismo, aproveche para que le sirvan truchas. Tampoco hay que despreciar el lacón con grelos o el cordero, y sobre todo el postre de tarta de almendra, hecho en la propia casa, o la *queimada* servida por el mismo Juan Corral.

Posee dos comedores pequenos, que consiguen, apretándose mucho, albergar a unas 60 personas. Pero no se preocupe, llegue a la hora que llegue, en el *Galicia* le darán de comer. Juan Corral tiene por norma ser hospitalario y ganarse su clientela a base de atender a los clientes a cualquier hora del día. Siempre hay viandas preparadas. Si lo que le gusta es la asepsia aquí, desde luego, no la va a encontrar. Pero también es cierto que existen pocos restaurantes como éste en toda España.



Xesús Mato

La 'queimada' la sirve el propio Juan Corral